



CONCELLO DE REDONDEIRA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE  
CESANTES  
17 DE SETEMBRO DE 2014

ORDE DO DÍA

**1.- Aprobación da acta anterior**

**2.- Orzamentos participativos 2014**

**3.- Rogos e preguntas**

No Centro Cultural de Cesantes, sendo as vinte horas e corenta minutos, do día dezasete de setembro de dous mil catorce, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Cecilia Pérez Orge, representante do BNG
- Fernando González Fontán, representante das asociacións veciñais
- Marcial López Cabaleiro, representante da comunidade de montes
- Rosa González Cabaleiro, representante das asociacións culturais
- Jorge Rodríguez Crespo, representante das asociacións culturais
- María Fernanda Castro Montero, representante das asociacións culturais
- Juan Carlos Araújo Alonso, representante das entidades deportivas
- Magdalena Ramoné Otero, representante do colectivo do mar
- Marta Rosa Ramos Álvarez, representante das ANPAS

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Jesús Crespo López, asistidos/as de min, Elena Barciela Alonso, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cesantes convocada para o día de hoxe.

**1.- Aprobación da acta anterior.**

Sométense a aprobación a acta da xuntanza de data 09.04.2014.

Leonardo Cabaleiro Couñago solicita que no punto 2.1 referente ao paseo da praia de Cesantes figure o nome do técnico que redactou o informe. Así mesmo, solicita que se retire do punto 8 - varios os parágrafos sexto, sétimo e oitavo por referirse a unha pregunta que se acordou que se retirara e non constara en acta.



CONCELLO DE REDONDELA

Feita as correccións apróbase a acta por unanimidade das/os membros presentes.

## **2.- Orzamentos participativos 2014.**

O Presidente pregunta a que acordos se chegaron.

Jorge Rodríguez Crespo di que teñen varias propostas peron ningunha firme e se se pode aprazar este punto para a próxima xuntanza, xa que non chegaron a ningunha conclusión, teñen pensado en diversos temas como a colocación de marquesiñas, o acondicionamento cunhas mesas da zona donde era o parque infantil cerca do bar Torres na Pantalla.

Fernando González Fontán manifesta o mesmo, darlle uso a esa zona e colocar marquesiñas pero solicita mais tempo para recadar información.

Jorge Rodríguez Crespo explica que as distintas asociacións estiveron ocupadas, cada unha cos seus temas e non tiveron tempo a preparar nada.

Marta Rosa Ramos Álvarez di que necesitan información de canto custarían esas actuacións.

O Presidente pon por exemplo o Consello do Viso xa que o organizan moi ben, deciden en que invertir e piden os presupostos a distintas empresas. Así mesmo, o Concello tamén pode colaborar informando sobre canto custarían as actuacións que queren realizar: marquesiñas, asfaltados, etc.

Marta Rosa Ramos Álvarez indica que a marquesiña da praia tampouco teñen claro donde colocala.

Cecilia Pérez Orge di que este debate non vai a ningunha parte e que o Consello chega tarde porque debeuse facer antes para falar os distintos colectivos os temas e que vai a pasar a moi tarde o acordo para realizar as inversións.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que tanto el como a representante do BNG advertiran que había que ter un traballo previo feito para que non ocorrera isto. Ademais aclara que que o orzamento do Concello non ten nada que ver cos orzamentos participativos que están para outros asuntos.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente di que en que investir o teñen que decidir entre os distintos colectivos.

Fernando González Fontán di que non teñen información de en que vai investir e que actuacións ten pensado realizar o Concello e como pode informarse diso.

O Presidente di que por exemplo o tema do parque da praia sabe que se vai ampliar.

Cecilia Pérez Orge di que os orzamentos participativos son para que decidan as asociacións en que investir, non os partidos políticos e é complicado saber en que facelo. Ademais, acordouse investir en investimento pero puido acordarse investir en bibliotecas, servizos sociais, etc.

Marta Rosa Ramos Álvarez comenta que ao non ter referencias de prezos, información sobre permisos que se necesitarían, etc, é difícil concretar algo.

O Presidente di que os orzamentos participativos son para colaborar as distintas asociacións, buscar información, presupostos en varias empresas e tomar decisións.

Fernando González Fontán pregunta se as paradas escolares teñen que ter marquesiñas e porque nalgunhas paradas escolares se puxeron marquesiñas e noutras que non o son non hai. Di que a marquesiña da praia é necesaria pero como esa tamén son necesarias noutros puntos.

O Presidente lle contesta que as paradas escolares varían cada ano.

Cecilia Pérez Orge di que o orzamento participativo debería debatirse e acordarse antes de que o Concello aprobase o seu presuposto, comenta que así se fixera noutros Consellos como o de Chapela e Reboreda.

Fernando González Fontán di que non se poden comparar parroquias grandes con pequenas e unha parroquia grande necesitaría mais orzamento.

Cecilia Pérez Orge indícalle que pode ser unha parroquia pequena e carecer de moitos servizos polo que unha cousa compensa a outra.



CONCELLO DE REDONDELA

Así mesmo, solicita que para o próximo Consello se leve o proxecto do muro da praia de Cesantes.

Jorge Rodríguez Crespo pide que se fixe unha data para o próximo Consello e traer xa pensado en que invertir. Propón para o 1 de outubro.

Cecilia Pérez Orge di que lle ben mellor o luns 29 de setembro ás 20:00 horas.

Acórdase por unanimidade celebrar o próximo Consello para acordar os orzamentos participativos o luns 29 de setembro ás 20:00 horas.

O Presidente di que se para esa data xa está feito o proxecto do muro da praia tamén se incluírá na orde do día.

### **3.- Rogos e preguntas**

Cecilia Pérez Orge di que viu na prensa a desaparición do Cesantes Fútbol Club e da Escola de Fútbol Base, que este ano teñen problemas para continuar, entre outros, por falta de instalacións e é unha pena que desaparezan.

Ademais, comenta o tema do aparcamento na entrada do colexio de Cesantes, se hai algún avance para que o transporte poida dar ben a volta.

O Presidente lle responde que o Club Deportivo Cesantes aínda que leva o nome de Cesantes non é de Cesantes, está representado e rexistrado no Viso. E que grazas a nota de prensa e outras axudas, atoparon xente para seguir co club, e non vai a desaparecer. No relativo ás instalacións indica que son privadas, da Comunidade de Montes, cunha concesión ao Club Deportivo Cesantes.

Leonardo Cabaleiro Couñago en relación co tema da construción do paseo marítimo pregunta se o Concello xa ten a cesión ou expropiación dos terreos.

Tamén pregunta en relación ao pantalán por parte de quen hai un compromiso de facelo.

O Presidente contesta en relación ao tema do aparcamento do colexio, que están vendo posibles terreos para melloralo, que hai un terreo do outro lado da estrada que é da



CONCELLO DE REDONDELA

Deputación e poderíase facer un aparcamento para os pais e xa se solucionou o desplazamento do autobús.

Fernando González Fontán di, en relación ao mesmo tema, que é moi importante a seguridade dos nenos, mellorar as beirarrúas e instalacións na zona. Están todos os colectivos de acordo que é un tema que tratarán no próximo Consello.

Fernando González Fontán di que o Concello teno que incluír no orzamento para o próximo ano.

O Presidente lle contesta a Leonardo Cabaleiro, no relativo a cesión dos terreos para o paseo da praia non lle pode dicir nada e en canto ao pantalán, di que foi un compromiso verbal co Presidente de Portos e non hai nada por escrito.

Magdalena Ramoné Otero corrobora ese feito.

Fernando González Fontán pregunta polo contenedor colocado na praia.

O Presidente di que ese tema xa se falou no anterior Consello que o teñen autorizado por Costas pero non se realizaron as actividades.

Cecilia Pérez Orge di que unha caseta para as mariscadoras tería lóxica, pero para unha empresa privada non.

O Presidente di que se as mariscadoras a necesitan que soliciten por escrito a instalación dunha caseta e que o contenedor está colocado nese sitio porque para a actividade que era tiña que estar ahí pola situación das boias de saída, se fose para outro uso estaría mellor noutro lugar.

Jorge Rodríguez Crespo pregunta en que quedou o tema da creación dunha comisión paritaria.

Fernando González Fontán contesta que houbo unha reunión coa Federación e se está traballando no tema.



CONCELLO DE REDONDELA

Leonardo Cabaleiro Couñago di que ese asunto tiña que ser impulsado pola concelleira de participación cidadá.

Cecilia Pérez Orge contesta que a información que teñen eles facilitoulla a Federación de veciños e din que houbo varias xuntanzas entre os distintos colectivos culturais, deportivos, etc e non ían nomear representantes porque non estaban de acordo coa moción que presentou a Federación.

Cecilia Pérez Orge continúa dicindo que o Alcalde debería convocar a Comisión Paritaria, que os colectivos que queiran participar e constituir a comisión que asistan e ao comprobar que hai colectivos que non asisten pensarían en modificar o procedemento. Así mesmo, di que o Regulamento pode funcionar ben e non hai porque modificalo e están de acordo con crear a comisión para debatilo.

Fernando González Fontán explica que hai consellos que teñen problemas pola súa composición e o número de representantes.

O Presidente di que o funcionamento do Consello sempre pode mellorar.

Fernando González Fontán e Cecilia Pérez Orge debaten polo número de compoñentes que representan a cada colectivo.

Cecilia di que teñen que estar representados os distintos sectores e entre eles teñen que poñerse de acordo e elixir a quen os representa. Que o importante é debater e chegar a acordos entre os colectivos.

Marta Rosa Ramos Álvarez pregunta se se consultou o tema dos saltos e pasos de ceбра na zona da baixada do Viso.

O Presidente contesta que a Deputación de paso que vai asfaltar a estrada do Campo de Fútbol Santa Mariña comprometeuse a facer un paso de peóns elevado antes do colexio.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e dúas horas e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.